



MEMORIA

**EL MEU PRIMER
PUNT DE LLIBRE SOLIDARI**



Save the Children

III Edición

Día do Libro cos dereitos dos cativos e cativas

2016-2017



© Eva Filgueira/ Save the Children



Save the Children

A solidariedade dos máis pequenos

O Meu Primeiro Marcapáxinis Solidario é unha actividade dirixida a Escolas Infantís con alumnado de entre 0 e 3 anos para traballar a educación en valores e emocións, fomentar a creatividade e facilitar a colaboración das familias para facer realidade os dereitos dos cativos e cativas nos países empobrecidos.

Os máis pequenos celebran o Día do Libro, transformándoo nun día solidario e axudando a outras cativas e cativos con menos recursos e en condicións de vida menos favorábeis, a través da elaboración de marcapáxinis que despois as familias poden adquirir.

Os fondos recadados por cada escola a través das familias apoian a supervivencia infantil nos países onde as condicións de vida son máis difíciles para os menores.

A educación comeza desde os primeiros meses de vida. É nestes primeiros anos cando se van modelando as nosas emocións, e estas primeiras experiencias contribúen xa desde o principio a configurar como vai ser o noso carácter, a nosa maneira de sentir e a nosa maneira de actuar perante a vida. Por iso é moi importante comezarmos a transmitir valores de respecto, xustiza e solidariedade desde esta etapa inicial. Transmitir valores coma a empatía (poñerse no lugar do outro), aprender a partillar e aprender a emocionarse con pequenos xestos que en ocasións teñen consecuencias moi grandes, coma a decoración dun marcapáxinis que salva a vida de cativos e cativas coma eles.

Con iniciativas coma esta, cando rematan o traballo, as cativas e cativos coñecen que non todos temos os mesmos privilexios e descubren que se se colabora entre todos, o mundo convértese nun lugar máis xusto.

Queremos agradecerlles a todas as escolas infantís, aos equipos educativos, ás familias e aos cativos e cativas a súa participación nesta actividade e a súa defensa polos dereitos da infancia.



DESENVOLVIMENTO DA ACTIVIDADE

As escolas infantís que se inscriben na actividade reciben de balde no seu centro os materiais para desenvolve-la: guía didáctica para a aula, modelos de marcapáxinas, cartaces para facer publicidade da actividade no centro, diplomas para os participantes e unha folla informativa para as familias.

O traballo na aula coas actividades da guía didáctica serve para achegarlles aos nenos e nenas a realidade da infancia que vive nunha situación máis desfavorecida a través dunha metodoloxía consonte a súa idade e desenvolvemento.

Após, trabállase con eles a decoración dos marcapáxinas nunha actividade que pretende ser máis ca un traballo de plástica. As familias tamén poden implicarse nesta fase e participaren na elaboración das pezas.

Despois, os marcapáxinas véndense entre as familias, que coa súa colaboración axudan a conseguir que esas pezas se convertan en fondos que cada ano se destina a programas de desenvolvemento e emerxencias que Save the Children desenvolve coas nenas e nenos dos países máis desfavorecidos. Pero ademais, a actividade consegue desenvolver emocións, afectos, visións cognitivas e sociais que achegan a xustiza, a solidariedade, a igualdade de oportunidades e o respecto aos dereitos da infancia.

Tanto os nenos e nenas que participan, así coma a escola infantil, reciben un diploma de agradecemento que reforza a importancia da súa participación, a súa achega e o seu compromiso coa infancia menos favorecida.



A NOSA MISIÓN: QUE A INFANCIA SOBREVIVA, APRENDA E ESTEA PROTEXIDA


EMERXENCIA EN ÁFRICA

Nacións Unidas declarou a **fame nalgúnhas rexións de Sudán do Sur** e advirte que **Somalia, Nixeria e Iemen poderían seguir axiña este camiño**. Esta situación pode chegar a ser peor cá fame declarada en Somalia en 2011, que xa acabou coa vida de 130 000 cativos e cativas.

Após dous anos sen que caese nengunha pinga, o fenómeno climatolóxico de El Niño fixo que **a situación en Etiopía se deteriorase axiña**. A seca está a ter un efecto devastador nas colleitas, deixando a máis de 10 millóns de persoas en risco de fame, da que case que seis millóns son menores de idade.

A fame en África vai a peor cada día. **A continua escaseza de choivas, as secas prolongadas e os conflitos que asolan a estes países** deixaron a máis de 1,4 millóns de cativos e cativas en risco de morrer de fame.

As causas da situación de vulnerabilidade dos cativos e cativas non son apenas unha e adoitan estaren relacionadas.



A NOSA RESPOSTA PARA ESTA EMERXENCIA

- Estamos no terreo, proporcionando tratamento e apoio para salvarlles a vida á infancia máis vulnerábel.
- Os menores, sobre todo os menores de cinco anos, teñen máis probabilidades de morrer. Non teñen forza abondo para resistir unha desnutrición aguda e son máis vulnerábeis a padecer outras doenzas coma o xarampón, a malaria ou o cólera.
- Os nosos equipos traballan sen descanso, examinando o estado de desnutrición dos cativos e cativas, creando programas de nutrición e acceso á auga potábel e tratándoos en centros de saúde especializados.

ETIOPÍA: UN DOS PAÍSES DESTA EMERXENCIA

Traballamos no 70 % das zonas máis afectadas pola seca **distribuindo auga, alimentos, medicinas e cubrindo as necesidades básicas das familias que perderon os seus ingresos**, con especial atención no aumento da axuda alimentaria que se precise. Debemos de tratar os casos de desnutrición, transportar auga, axudalos a salvar o gando e as colleitas. Tamén cómpre apoiar ás familias para que os seus fillos e fillas poidan seguir indo á escola durante a crise.




© Stuart J. Sia/ Save the Children

Supervivencia infantil

Calcúlase que **400.000 cativos e cativas están en risco de padecer desnutrición severa**, que pode provocar atrasos no crecemento e discapacidade intelectual. Por iso centrámonos en identificar, tratar e facer seguimento dos casos de desnutrición severa, coma co pequeno de abaixo, que está a recibir tratamento no centro de saúde de Sire, xestionado por Save the Children. Tamén axudamos a atallar, detectar e tratar outras doenzas que adoitan estar asociadas, coma o xarampón, a meninxite, a febre do dengue ou a sarna. Repartimos cestas de **alimentos ricos en nutrientes aos que máis o precisan** e ofrecemos formación aos profesionais da saúde comunitarios para explicarlles as causas da desnutrición e como fornecer os coidados precisos para salvar vidas.



Mellorando os medios de vida



Familias enteiras perderon os seus ingresos e reservas de alimentos, **o que provoca que as vidas de millóns de persoas, en especial dos máis pequenos, estea en perigo.** Protexemos os medios de vida das persoas, facendo que os agricultores sexan quen de recuperarse destas secas. Animamos ás comunidades afectadas a que busquen novas formas de xerar ingresos, a involucrarse noutros proxectos como a reconstrución de pozos ou o mantemento da auga. Tamén distribuímos sementes, alimento para o gando e ferramentas para os agricultores. Eles precisan comezar a reconstruír os seus medios de vida.



Levando auga limpa

Por culpa da gran seca que están a sufrir en Etiopía, **milleiros de mulleres, cativos e cativas pasan máis de seis horas diarias buscando auga limpa nalgún pozo que non estea seco.** Fornecemos subministración de auga ás familias que están nas rexións máis afectadas. É imprescindible asegurar o acceso á auga limpa. Para iso, temos que rehabilitar as fontes de auga que estean en mal estado e crear fontes novas cando for preciso. As familias deben de seren capaces de manter hábitos de hixiene a pesares da situación que están a vivir, por iso realizamos campañas de información e sensibilización.

A educación prioritaria

Nas zonas máis afectada hai case que 1,2 millóns de cativos e cativas que perderon o seu dereito á educación porque as escolas están pechadas. Esta falta de acceso pode ter un impacto alarmante sobre a infancia, non só a curto prazo, mais tamén a longo prazo. Segundo medran as necesidades básicas, tanto estudantes coma mestres teñen que adicar máis tempo á busca de auga, coidar do gando ou conseguir alimentos.

O noso obxectivo é aumentar o acceso á educación en todas as idades. Para iso debemos de asegurármonos que todos os cativos e cativas en idade escolar e as súas mestras teñen acceso á auga para beber e para a hixiene básica. Se somos quen de conseguir que alumnas e mestres dispoñan do básico, poderemos asegurar a formación dos cativos e cativas.

Algunhas cifras do noso traballo en Etiopía.

AUGA, SAÚDE E HIXIENE

- *Distribución de 1 290 000 pastillas para tratar a auga 8500 equipos de hixiene.*
- *15 centros para tratar o cólera.*
- *Formación en hábitos de hixiene a 85 000 persoas nas rexións de Amhara e Somali.*
- *Tratamentos contra a diarrea.*

SEGURIDADE ALIMENTARIA E SUPERVIVENCIA.

- *Axudamos a 17 306 fogares vulnerábeis a través de atención veterinaria e comida para o gando.*
- *Transferencias monetarias que aseguran os medios de vida.*

EDUCACIÓN EN EMERXENCIAS.

- *Puxemos en marcha programas de alimentación nas escolas, atendendo a 7050 menores na rexión de Afar e 11 461 na rexión de Somali.*
- *Formación en hábitos de hixiene a 6400 menores nas rexións de Waghimra e Sitti.*

Levamos máis de 70 anos traballando en Etiopía, dándolle solución aos problemas de desnutrición nesa rexión.

A nosa experiencia e coñecementos fan que esteamos prontos para marcar a diferenza e salvar a vida dos cativos e cativas máis vulnerábeis.



PARTICIPACIÓN: UN ÉXITO PARTILLADO

Esta terceira edición foi un éxito de participación e, segundo nos expresaron os profesionais que participaron no proxecto, foi unha experiencia motivadora que lles axudou a coñecer a realidade doutros pequenos e pequenas e, polo tanto, axudoulles a seren máis comprensivos co mundo e cos demais.

Porque a solidariedade é educación emocional, é respecto, é valorar a xustiza e, en definitiva, conformar persoas íntegras.

Participaron:

333 escolas infantís
21.436 pequenas e pequenos
2.088 educadores
40.000€ recadados

Moitas grazas pola colaboración prestada por parte da comunidade educativa dos centros participantes, xuntos seguiremos aprendendo.





© Eva Filgueira/ Save the Children

CENTROS PARTICIPANTES

ANDALUCÍA — **ALMERÍA** — CEI AVENTURA (ALMERÍA) | CEI LA CASA MÁGICA (ALMERÍA) | CEI PEQUEMAR (ALMERÍA) | CEI VILLA ÁFRICA (AGUADULCE) | EEI AROS (ALMERÍA) | EEI FANTASY (ALMERÍA) | EEI PEQUEÑILANDIA (CAMPOHERMOSO) | EI LA CHIMENEA DE LAS HADAS (ALBOLODUY) | EI LA PIPA (ALMERÍA) | EI LA TERMICA (ALMERÍA) — **CÁDIZ** — CEI LA CASA AZUL (EL PUERTO DE SANTA MARÍA) | CEI LA TORTUGA (JEREZ DE LA FRONTERA) | CEI PETER PAN (ROTA) | COLEGIO WENDY—VILLA HORACIA (SANLÚCAR DE BARRAMEDA) | EEI FANTASÍA (SAN FERNANDO) | EI ALBORADA (CHICLANA DE LA FRONTERA) | EI BLAS INFANTE (SAN FERNANDO) | EI EL CIGARRÓN (PUERTO REAL) | EI ENTREMARES (ALGECIRAS) | EI HUERTA DEL ROSARIO (CHICLANA DE LA FRONTERA) | EI PEPITA PÉREZ (CHIPIONA) | EI SANTA MARÍA (MESAS DE ASTA—JEREZ DE LA FRONTERA) | EI TRIQUITRAQUE (PUERTO REAL) | EI VIRGEN DE LA LUZ (TARIFA) — **CÓRDOBA** — CEI CANGUROS NANA (CABRA) | CEI LA PECERA (CÓRDOBA) | CEI MI SOLETE (LUCENA) | EEI MAESTRO JOSÉ LUIS LOZANO (EL ARRECIFE) | EI MI CASITA (CÓRDOBA) | EI PALENCIANA (PALENCIANA) | THE ENGLISH GARDEN PRESCHOOL (CÓRDOBA) — **GRANADA** — CEI MAMI (GRANADA) | EEI EL RECREO (GRANADA) | EI ASUNCIÓN LINARES (GRANADA) | EI CÚLLAR (CÚLLAR) | EI DAMA DE BAZA (BAZA) | EI LA HERRADURA (LA HERRADURA) | EI NUBE DE COLORES (CÁDIAR) — **HUELVA** — CEI MI CASITA (GIBRALEÓN) | EEI JESÚS NIÑO (HUELVA) | EEI LA CASITA DE LOS PEQUES I (HUELVA) | EEI MICOS II (HUELVA) | EI LA CANOA (PUNTA UMBRÍA) | EI LA FRAGUA (ALJARQUE) | EI NTRA. SRA. DEL CARMEN (AYAMONTE) | EI VALLEVERDE (VALVERDE DEL CAMINO) | EI ZALARINES (ZALAMEA LA REAL) | EIM PLATERO Y YO (MOGUER) — **JAÉN** — EEI APOLO (JAÉN) | EEI EUROPA (TORREDELCAMPO) | EI ARCO IRIS (HUELMA) | EI LOS COLORINES (VALDEPEÑAS DE JAÉN) | EI SIMBA (SANTISTEBAN DEL PUERTO) — **MÁLAGA** — CEI CHICAVILLA (ALHAURÍN EL GRANDE) | CEI EL COLE DE SILVIA (MÁLAGA) | CEI PIPOLINES I (MÁLAGA) | CEI PIPOLINES II (MÁLAGA) | CEI PIPOLINES III (MÁLAGA) | CEI SEÑORITA PEPI (MÁLAGA) | CEI TRAVESURAS (MÁLAGA) | EI SAN JOSÉ (MÁLAGA) | LITTLE HANDS INFANT SCHOOL (SAN PEDRO DE ALCÁNTARA) — **SEVILLA** — AYUNTAMIENTO DE VILLAMANRIQUE DE LA CONDESA (VILLAMANRIQUE DE LA CONDESA) | CEI EL TOBOGÁN (MAIRENA DEL ALCOR) | CEI GARABATOS (EL VISO DEL ALCOR) | CEI INFANTIL LEBRIJA (LEBRIJA) | CEI LAS TORRES DE COLORES (ÉCIJA) | CEI MUNDO MÁGICO (SEVILLA) | CEI PEQUEÑOS ARTISTAS (SEVILLA) | CEI TERRITORIO INFANTIL (LEBRIJA) | EEI ALMENAR (ESPARTINAS) | EEI ALMENAR COLLEGE (ESPARTINAS) | EEI EL JARDÍN DE LAS LETRAS (BOLLULLOS DE LA MITACIÓN) | EEI MERCUCHO (BOLLULLOS DE LA MITACIÓN) | EEI SU PEQUEÑO MUNDO (SAN JUAN DE AZNALFARACHE) | EEI ZAKETINES (SEVILLA) | EI COLORÍN COLORADO (EL PEDROSO) | EI EL REAL DE LA JARA (EL REAL DE LA JARA) | EI ESTRELLA DE MAR (PALOMARES DEL RÍO) | EI GARABATOS (VILLAMANRIQUE DE LA CONDESA) | EI HUÉVAR DEL ALJARAFA (HUÉVAR DEL ALJARAFA) | EI LA CIGÜEÑA (DOS HERMANAS) | EI MAIRENA DEL ALCOR (MAIRENA DEL ALCOR) | EI MARÍA DEL CARMEN GUTIÉRREZ (ESPARTINAS) | EI NTRA. SRA. DEL CARMEN (EL PALMAR DE TROYA) | EI PABLO DE OLAVIDE (SEVILLA) | EI PIBO BABY (BOLLULLOS DE LA MITACIÓN) | EIVICTORIA KENT (OSUNA) — **ARAGÓN** — **HUESCA** — EI DE BARBASTRO (BARBASTRO) | EI LA COMETA (ESPLUS) | EI NININS (GRAUS) — **ZARAGOZA** — EI COLORADO COLORÍN (ARIZA) | EI EL BOSQUE (ZARAGOZA) | EI ISABEL DE ARAGÓN (EPILA) — **BALEARES** — **ISLAS BALEARES** — CEI LLUNA DE PAPER (PALMA DE MALLORCA) | CEI POPEYE (PALMA DE MALLORCA) | EI ES PI GROS (SANTA MARÍA DEL CAMÍ) — **CANARIAS** — **LAS PALMAS** — CEI LA ARDILLA AMARILLA (LAS PALMAS DE GRAN CANARIA) | CEI LA PIRULETA (LAS PALMAS) | COLEGIO ANITA CONRAD (CAMBALUD—FIRGAS) | COLEGIO THE AMERICAN SCHOOL OF LAS PALMAS (TAFIRA ALTA—LAS PALMAS DE GRAN CANARIA) — **SANTA CRUZ DE TENERIFE** — EI NINA LOLA ALBELO (LOS LLANOS DE ARIDANE) | EIM DE TIJARAFE (TIJARAFE) — **CASTILLA Y LEÓN** — **ÁVILA** — EI EL MANCHO (CEBREROS) — **BURGOS** — EI ALLENDEDUERO—ASEMAR (ARANDA DE DUERO) — **LEÓN** — EEI VIRGEN DE LAS CANDELAS (ASTORGA) — **SALAMANCA** — CEI GLORIA FUERTES (PEÑARANDA DE BRACAMONTE) | EEI CABRERIZOS (CABRERIZOS) | EEI CHISPITINAS (SALAMANCA) | EEI GRUPO MIS POLLITOS (CARBAJOSA DE LA SAGRADA) | EEI TEBEO (SALAMANCA) — **SEGOVIA** — EI VILLACASTÍN (VILLACASTÍN) | EIM AGAPITO MARAZUELA (LA GRANJA DE SAN ILDEFONSO) — **SORIA** — CEI DE VINUESA (VINUESA) | EI LAS CAMARETAS (GOLMAYO) — **VALLADOLID** — CEI DUENDECILLOS (FUENSALDAÑA) | CEI MIS POLLITOS COVARESA (VALLADOLID) | CEI PASITOS (PEÑAFIEL) | CEI ROMER (VALLADOLID) | EEI EL TRENECITO (VILLANUBLA) | EI CAMPANILLA (VALLADOLID) | EI COLORINES (LAGUNA DE DUERO) | EI EL GLOBO (VALLADOLID) | EI EL PRINCIPITO (VALLADOLID) | EI FANTASÍA (VALLADOLID) | EI MAFALDA Y GUILLE (VALLADOLID) | EIM 5 LOBITOS (ZARATÁN) | EIM PLATERO (VALLADOLID) — **ZAMORA** — EEI LA CIGÜEÑA (ZAMORA) — **CASTILLA - LA MANCHA** — **ALBACETE** — EEI LOS PEQUES (CAUDETE) | EI DE BONETE (BONETE) | EI ENSANCHE (ALBACETE) | EI HERMANOS FALCÓ (ALBACETE) | EI SAN PABLO (ALBACETE) — **CIUDAD REAL** — CEI PASITOS (ALCÁZAR DE SAN JUAN) | EI LA COMEDIA (ALMAGRO) | EI MUNDO INFANTIL (FUENTE EL FRESNO) — **CUENCA** — BIBLIOTECA JUAN RICARDO MARTÍNEZ CUESTA (MINGLANILLA) | EEI BAMBI (CUENCA) | EI DE ARCAS (ARCAS) — **GUADALAJARA** — EEI EL COLE DE LOS PEKES (TORREJÓN DEL REY) — **TOLEDO** — CAI MUNICIPAL LOS PITUFITOS (COBEJA) | EEI EL NIDO DEL SEÑORÍO (EL SEÑORÍO DE ILLESCAS) | EEI LA SETA MÁGICA (ILLESCAS) | EI ASERRÇON ASERRÁN (RECAS) | EI PEQUEÑINES (TORRIJOS) — **CATALUNYA** — **BARCELONA** — EBM MITJA COSTA (MONTCADA I REIXAC) | EEI BRESSOL PEQUES (MATARÓ) | EEI LES RIALLES (RIPOLLET) | EI EL BRESSOL DEL POBLENOU (BARCELONA) | EI EL GEGANT DEL PI II (SANT JOAN DESPÍ) | EI LA BALDUFA (VILANOVA DEL VALLÉS) | EI L'ESPURNA (MANRESA) | EI NEMOMARLIN SANT CUGAT (SANT CUGAT DEL VALLÉS) | LLAR D'INFANTS BAMBI (SANT BOI DE LLOBREGAT) | LLAR D'INFANTS LES PETITS (GAVÁ) | LLAR D'INFANTS SANT JORDI (MATARÓ) | PETITA ESCOLA (BARCELONA) — **GIRONA** — EI EL GIRA—SOL (MONT—RAS) | EI ES PAPANELL (CADAQUÉS) | ESCOLA BRESSOL MUNICIPAL (PUIGCERDÀ) | LLAR D'INFANTS MAINADA (BLANES) — **LLEIDA** — EI GARGOT (LLEIDA) | EI JOSEP BORRÁS (LLEIDA) | EI LA MAINADA (VALLFOGONA DE BALAGUER) | EI L'ESQUIROL (SANT GUIM DE FREIXENET) | ESCOLA VALL ONDARA — ZER LA | SEGARRA (SANT ANTOLI I VILANOVA) — **TARRAGONA** — EI BRESSOL MINYONS (L'ARBOÇ) | EI CAVALLET DE MAR (SALOU) | EI ELS PETITS (PUIGPELAT) | EI LA BALENA BLAVA (SALOU) | EI L'ARC DE SANT MARTÍ (MONTBRIÓ DEL CAMP) | ESCOLA BRESSOL MARTA MATA (BANYERES DEL PENEDÉS) — **COMUNIDAD DE MADRID** — **MADRID** — CEI BAMBI (MADRID) | CEI CABAS (LAS ROZAS DE MADRID) | CEI COCOLANKIDS (MADRID) | CEI KIND FOR KIDS (MADRID) | CEI LETRAS (MADRID) | CEI LITTLE FEM (MADRID) | CEI LOS NIDOS (MADRID) | CEI MARÍA INMACULADA (MADRID) | CEI MICOS (VILLAVICIOSA DE ODÓN) | CEI MIRIAM—LA CASA DEL RÍO (MADRID) | CEI MIS POLLITOS (MADRID) | CEI NEMOMARLIN CIUDAD JARDÍN (MADRID) | CEI TRASTES (PARACUELLOS DEL JARAMA) | CN MORATA DE TAJUÑA I (MORATA DE TAJUÑA) | CN MORATA DE TAJUÑA II (MORATA DE TAJUÑA) | COLEGIO ARLEQUÍN (MADRID) | COLEGIO BUENBEBÉ (MADRID) | COLEGIO COLORS (MADRID) | COLEGIO CUATRO PECAS (MADRID) | COLEGIO EDUCAVIDA ES—COOL (MADRID) | COLEGIO HUMANITAS BILINGUAL SCHOOL

TORREJÓN (TORREJÓN DE ARDOZ) | COLEGIO LA CABAÑA MÁGICA (POZUELO DE ALARCÓN) | COLEGIO MAMÁ ESTOY BIEN (VALDEMORO) | COLEGIO MAMEN I (SANAGUSTÍN DEL GUADALIX) | COLEGIO NANOS (MADRID) | COLEGIO NUBES II (MADRID) | COLEGIO PEGOTITOS (PINTO) | COLEGIO TRES OLIVOS (MADRID) | EEI DENENES (GETAFE) | EEI MUNDO MÁGICO (SAN FERNANDO DE HENARES) | EEI MUÑECOS (MADRID) | EEI PASO A PASO (MADRID) | EEI SAPO SAPITO (GETAFE) | EEI TRAPITOS (MADRID) | EEI TRISTRAS (POZUELO DE ALARCÓN) | EI ASERRÍN ASERRÁN (LAS ROZAS) | EI BABYSTAR (GALAPAGAR) | EI BETARIA (MADRID) | EI BURBUJAS (COLLADO VILLALBA) | EI CHIQUI (MADRID) | EI CN EL BOSQUE ENCANTADO (TORRES DE LA ALAMEDA) | EI COMENZAR (COSLADA) | EI DEL MINISTERIO DE FOMENTO (MADRID) | EI DULCES MIMOS (PARLA) | EI EL ÁRBOL (TALAMANCA DE JARAMA) | EI EL ARLEQUIÍN (RIVAS—VACIAMADRID) | EI EL BOSQUE (MADRID) | EI EL GATO LOLO (PINTO) | EI EL OSITO (MADRID) | EI EL OSITO 3 (MADRID) | EI EL PRINCIPITO (TORREJÓN DE VELASCO) | EI EL SUR (MADRID) | EI ES—COOL (MADRID) | EI FANTASSIA (BOADILLA DEL MONTE) | EI GARBANCITO (VALDEOLMOS—ALALPARDO) | EI GLORIA FUERTES (ALCORCÓN) | EI GLORIA FUERTES (ARGANDA DEL REY) | EI ISLA DE LAS ARREÑAS (ANCHUELO) | EI JUAN FARIAS (VILLAVICIOSA DE ODÓN) | EI LA COMBA (LEGANÉS) | EI LA FORTUNA (LEGANÉS) | EI LAS AMAPOLAS (MADRID) | EI LÁZARO (MADRID) | EI LITTLE FROGS (MADRID) | EI MAGO DE OZ (ALCORCÓN) | EI MI PEQUEÑO MUNDO (ARGANDA DEL REY) | EI MIS GARABATOS (MÓSTOLES) | EI MUCHOS PEQUES (BOADILLA DEL MONTE) | EI NICOLÁS GUILLÉN (CASARRUBUELOS) | EI PANDA (ALCALÁ DE HENARES) | EI PARQUE COÍMBRA (MÓSTOLES) | EI PECECITOS SANTA TERESA (COLMENAR VIEJO) | EI PETIRROJO (TORREJÓN DE LA CALZADA) | EI SAN LUIS (ALCALÁ DE HENARES) | EI TAKARA (BOADILLA DEL MONTE) | EI TALIN (MAJADAHONDA) | EI TRINIDAD RUIZ (SAN AGUSTÍN DEL GUADALIX) | LITTLE ACORNS NURSERY (SOTO DE LA MORALEJA—ALCIBENDAS) — **COMUNIDAD VALENCIANA** — **ALICANTE** — CEI 7 ENANITOS (ALICANTE) | CEI LOS OLIVOS (ALICANTE) | EEI LOS GIRASOLES (ELX TORRELLANO) | EI LOS DUENDES (FORMENTERA DEL SEGURA) | EI MUNICIPAL LES FONTANELLES (BENIDORM) | EI MUNICIPAL MIGUEL HERNÁNDEZ (LOS MONTESINOS) | EI RAYUELA (ALACANT) | EI TU CASITA (DOLORES) — **CASTELLÓN** — COLEGIO DIVINA PROVIDENCIA (VINARÓS) | EEI L'ESQUIROL (VILA—REAL) | EEI MENUTS (BENICARLÓ) | EEI SOL SOLET (ONDA) | EI DOLORETES (BENICÀSSIM) | EI KID'S GARDEN (CASTELLÓN) | EI PINTOR TASIO (BENICÀSSIM) — **VALENCIA** — CEI CAMPANAR (VALENCIA) | CEI EL JARDIN DE LAS PALMERAS (PUERTO DE SAGUNTO) | CEI EL JARDINET (BENIFAÍO) | CEI L'ANEC BOIG (VALENCIA) | CEI MI COLE (VALENCIA) | CEI PINOKIO (VALENCIA) | CEI TUS PASITOS (ALFARA DEL PATRIARCA) | EEI BENIMAMET LA MILOTXA II (VALENCIA BENIMAMET—BENIFERRI) | EEI CAMPANILLA (RIBAROJA DE TURIA) | EEI CHIQUITÍN RIBERA BAIXA (SUECA) | EEI L'ESCOLETA (TORRENT) | EEI MAIN KINDERGARTEN (MELIANA) | EEI MAMÁ PATO (PAIORTA) | EI SACAPUNTAS SIN CORTES NI PUNTAS (VALENCIA) | EEI TITELLES (MISLATA) | EEI VEO VEO (BÉTERA) | EI ALFARA DEL PATRIARCA (ALFARA DEL PATRIARCA) | EI CARLET AULA 1 (CARLET) | EI DE CÀRCER (CÀRCER) | EI PATERNA — RED EEII CATIVOS (PATERNA) | EI ZORITA (REQUENA) | EIM LA GLORIETA (REQUENA) — **EXTREMADURA** — **BADAJOS** — CEI ACUARELA (MÉRIDA) | CEI CORAZÓN DE JESÚS (PUEBLA DE LA CALZADA) | CEI LA BRUJITA (VILLAGARCÍA DE LA TORRE) | CEI MAGOLAND (ZAFRA) | EI MONESTERIO (MONESTERIO) | EI PIMPIRIGAÑA (ALMENDRALEJO) — **CÁCERES** — CEI ARCO IRIS (MIAJADAS) | CEI LA CASITA (LOSAR DE LA VERA) | EI EL CHIRIVEJE (ALMOHARÍN) | EI LA RAYUELA (CÁCERES) | EI ZARAMACATIN (SIERRA DE FUENTES) — **GALICIA** — **A CORUÑA** — COLEGIO JORGE JUAN (PERLÍO—FENE) | EI CONXO — RED EEII CATIVOS (SANTIAGO DE COMPOSTELA) | EI DAS FONTIÑAS (SANTIAGO DE COMPOSTELA) | EI DEVEDRA — RED EEII CATIVOS (VEDRA) | EI GOLFIÑO (A CORUÑA) | EI SAN ROSENDO — RED EEII CATIVOS (FERROL) | EI SANTIAGO — RED EEII CATIVOS (SANTIAGO DE COMPOSTELA) | EIM DE ARTEIXO (ARTEIXO) | EIM DE CONXO (CONXO—SANTIAGO DE COMPOSTELA) | EIM DE MEIXONFRÍO—SALGUEIRIÑOS (SANTIAGO DE COMPOSTELA) — **OURENSE** — EI MELÓN (MELÓN) — **PONTEVEDRA** — EI A GUARDA — RED EEII CATIVOS (A GUARDA) | EI COSTEIRA—SAIÁNS (SAIÁNS—VIGO) | EI DE BOUZAS (VIGO) | EI DE PONTECESURES (PONTECESURES) | EI NAVIA (VIGO) | EI TRASTES (POIO) | EI XOANIÑA (SALCEDA DE CASELAS) | EIM SANTA MARTA (VIGO) | SANTO TOMÉ DE FREIXEIRO (VIGO) — **PAÍS VASCO** — **VIZCAYA** — COLEGIO ALAZNE HLBHIP (CRUCES—BARAKALDO) — **PRINCIPADO DE ASTURIAS** — **ASTURIAS** — CEI LOS DOS PATITOS (GIJÓN) | EEI BERNARDO SOPEÑA (POSADA LLANERA) | EEI EL TEXU (PIEDRASBLANCAS) | EI FUTURINES (GRADO) | EI MARÍA BALBÍN (OVIEDO) — **REGIÓN DE MURCIA** — **MURCIA** — EEI PEPICO PALUCO (CARTAGENA) | EEI POMPITAS.COM (MURCIA) | EI MEDITERRANEO — RED EEII CATIVOS (CARTAGENA) | EI MUNICIPAL COLORINES (ARCHENA) | EI NEW FUTURINES (MURCIA) | EI SAN JAVIER (SAN JAVIER) | EIM DE CIEZA (CIEZA) | EIM DE LIBRILLA (LIBRILLA).

SAVETHECHILDREN.ES



Save the Children